

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE DÚAS VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA CORRESPONDENTES AO EXPEDIENTE LU2007/XEST-03 NO BARRIO HISTÓRICO DE CHANTADA

Vista a documentación relativa á promoción de referencia, e de conformidade co establecido no artigo 22 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como as acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas*, a Comisión Provincial de Vivenda, en sesión celebrada o 12 de novembro de 2015

ACORDA

Iniciar o proceso de selección dos/das adxudicatarios/as de vivendas protexidas de promoción pública do expediente **LU2007/XEST-03**, que se desenvolverá de conformidade cos seguintes criterios:

PRIMEIRO.- Requisitos da promoción

- Número de vivendas: 2
- Localización das vivendas: PRAZA DE ESPAÑA, 17, e rúa DOUS DE MAIO,s/n, concello de CHANTADA.
- Superficie aproximada das vivendas, entre 79,79 m² e 84,32 m², ámbalas dúas dun dormitorio.
- Composición familiar para cada vivenda.
 - Para o cupo Xeral sortearáanse 2 vivendas, non se especifica a composición familiar e a lista de espera estará integrada por tódolos candidatos non seleccionados como adxudicatarios.

SEGUNDO.- Condicións dos beneficiarios/as

Poderán acceder a estas VPP as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade ou menores emancipados que cumpran os requisitos do artigo 3.1 d) do *Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)* e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar, reúnan os seguintes requisitos:

1. Atoparse inscrito ou anotado no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio da Comisión Provincial de Vivenda en barrios históricos e núcleos rurais.
2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar entre 1 e 2,5 veces o IPREM.
3. Residir ou traballar no concello onde se localizan as vivendas, excepto no caso de emigrantes que desexen retornar e que acrediten residir fora de Galicia por un tempo non inferior a cinco anos.
4. Carecer de vivenda en calidade de propietario/a agás que se dean algunha das seguintes circunstancias:
5.
 - a) Excepcionalmente, poderán acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzosa, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como

consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional declarada polo organismo competente en materia de vivenda (art.64.1 da lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).

b) Acreditar que a vivenda que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na resolución do 14 de setembro de 2012. do Instituto Galego da Vivenda Solo.

Se resultan adxudicatarios quedan obrigados a ofertar ao IGVS a dita vivenda, que a poderá aceptar ou non.

De conformidade co artigo 10.II do Decreto 253/2007 non poderán acceder a VPP os que se atopen nalgunha destas circunstancias:

a) Que xa foran titulares de VPP e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafuizamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS ou a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados, a xuízo da Comisión Provincial.

b) Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

TERCEIRO.- Cualificación das vivendas

As vivendas foron cualificadas definitivamente por resolución do xefe territorial de Lugo do IGVS con data 19 de abril de 2012 como vivendas de promoción pública en barrios históricos.

CUARTO.- Réxime de adxudicación das vivendas da promoción.

As vivendas adxudicaránse en arrendamento.

QUINTO.- Condicións xerais de carácter económico

a) Os contratos de arrendamento terán unha vixencia de 5 anos prorrogables por períodos anuais e estará prohibido en todo caso a cesión ou subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar á resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións a que houbera lugar.

b) A renda inicial anual será a que resulte de lle aplicar o 3% ao que sería o prezo de venda da vivenda e anexos, no seu caso, determinado de acordo co establecido no Decreto 253/2007.

c) A firmeza da adxudicación estará condicionada á sinatura do correspondente contrato de arrendamento, previo pagamento por parte do adxudicatario da fianza e dos impostos que procedan.

SEXTO.-Reservas

Non se fai ningunha reserva das establecidas nos artigos 74 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia e do art. 34 do Decreto 253/2007.

SÉTIMO.- Procedemento de adxudicación

De acordo co previsto no Decreto 1/2010 o procedemento de adxudicación será o de sorteo entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes con inscrición expedida ata a data de hoxe e que reúnan as demais condicións descritas no criterio segundo desta resolución de inicio do proceso de selección de adxudicatarios/as de VPP correspondentes ao expediente LU2007/XEST-03 no concello de CHANTADA.

O sorteo público celebrarase ante notario o día 26 de novembro de 2015 ás 10 horas da mañá, no Instituto Galego da Vivenda e Solo, sito en Ramón Ferreiro, 28. Lugo.

Unha vez rematado o sorteo procederase á publicación da lista provisional de adxudicatarios e a lista de espera e realizados os trámites previstos nos artigos 24, 25 e 26 do Decreto 1/2010, esta Comisión Provincial ditará resolución aprobatoria das listas definitivas de adxudicatarios e de espera que se publicará de igual forma que a lista provisional.

Determinación das vivendas (art. 28 do Decreto 1/2010).

Logo do sorteo, de ser o caso, procederase á determinación da vivenda que corresponda a cada adxudicatario tendo en conta a mellor adecuación das vivendas á composición familiar ou convivencial. Esta determinación comunicarase aos adxudicatarios xunto coas características da vivenda, réxime de adxudicación e prezo de renda. Na mesma notificación advertirase aos interesados que teñen un prazo de QUINCE DÍAS hábiles para aceptar ou renunciar á adxudicación.

A lista de espera terá vixencia ata o 31-12-2016.

OITAVO.-Publicidade e reclamacións

A publicidade realizarase nos taboleiros de anuncios do concello, nos das áreas provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo e na páxina web do organismo, e substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Tras a publicación da lista provisional na forma indicada, os/as solicitantes que se consideren prexudicados/as no seu dereito disporán dun prazo de dez días para presentar reclamación ante a Comisión Provincial de Vivenda, que deberá adoptar a resolución que proceda no prazo máximo de tres meses.

Lugo, 12 de novembro de 2015

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda

Carlos Vila Pérez